

BASES CONCURSO TIKTOKERS POLA IGUALDADE



1. ORGANIZA

ANPA do IES O Couto.

2. OBXECTO

O obxectivo da convocatoria é estimular a reflexión e a capacidade creativa dos moz@s e das familias nas seguintes temáticas: igualdade de xénero, hipersexualización feminina, estereotipos e o uso responsable das tics. Para isto outorgáranse tres premios a tres obras audiovisuais feitas a través da aplicación TIK-TOK sobre o tema xa descrito. Estes serán elixidos por un xurado entre todas as propostas que cumpran os requisitos e sexan recibidas dentro do prazo sinalado.

3. REQUISITOS DE ACCESO

Establécense dúas categorías:

Categoría 1: Alumnado do IES O Couto no curso actual 2023/24.

Categoría 2: Nais e pais de alumnado do IES O Couto no curso actual 2023/24

Nota: Salvo comunicación expresa entenderase que os representantes legais dos menores autorizan os mesmos a participar no concurso e a difusión dos seus traballos para fins educativos.

4. PRAZO DE PARTICIPACIÓN

O prazo de participación abrirá no momento da publicación das bases.

O prazo de participación pechará o 15 de xaneiro do 2024 ás 24:00 horas.

5. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

5.1 Os traballos audiovisuais presentados só se poden realizar a través da aplicación TikTok, en formato público e deberán incluír o hashtag **#anpaOCoutopolaigualdade**

5.2 Cada proposta terá unha participación mínima de dúas persoas e polo menos unha ten que estar englobada nalguna das categorías.

5.3 A proposta deberá ser orixinal e inédita.

5.4 Cada participante poderá presentar só unha proposta. No caso de que un participante presente máis dunha proposta, só se considerará válida a primeira.

5.5 As propostas deberán responder ao tema establecido para o concurso: igualdade de xénero, hipersexualización feminina, estereotipos e o uso responsable das tics.

5.6 Logo da publicación, enviarase un correo a concursosanpaiesocouto@gmail.com; indicando na mensaxe nome do participante e categoría, teléfono de contacto, no caso de alumnos ademais, deberán indicar o curso, e no caso de pais, nome do fillo/a estudante no IES O Couto.

5.7 A duración do tiktok, non sobrepasará un minuto e medio.

5.8 A organización resérvase o dereito de non aceptar as propostas que non se adapten ó espírito do concurso ou sexan contrarias os bos usos e costumes.

6. PREMIOS

Establécense os seguintes premios segundo categorías:

A) Categoría 1: Alumnado do IES O Couto

1º Premio: Cheque regalo por valor de **150 euros** en Atmósfera sport.

2º Premio: Cheque regalo por valor de **100 euros** en Atmósfera sport.

3º Premio: Cheque regalo por valor de **50 euros** en Atmósfera sport.

(3º Premio patrocinado por Atmósfera sport / Deportes Moncho)

B) Categoría 2: Nais e pais

1º Premio Cheque regalo por valor de **100 euros** en Atmósfera Sport.

2º Premio: Cheque regalo por valor de **60 euros** en Atmósfera Sport.

3º Premio: Cheque regalo por valor de **30 euros** en Atmósfera sport

(3º Premio patrocinado por Atmósfera sport / Deportes Moncho)

7. TROCO DOS PREMIOS

7.1 Os cheques regalo terán unha validez de 3 meses a contar desde a comunicación dos gañadores.

7.2 Os premios non se poderán trocar en ningún caso polo seu importe en metálico.

7.3 A renuncia ó premio deixará á organización a liberdade de dispor del segundo os seus criterios.

8. XURADO

O xurado será nomeado pola organización e estará composto por representantes dos ámbitos artístico/educativo así como por especialistas no campo da igualdade e da violencia de xénero.

Os criterios de avaliación das propostas serán:

- ✓ A mensaxe que o participante transmite co seu traballo. Creatividade e orixinalidade.
- ✓ A execución do mesmo.
- ✓ A decisión do xurado deste concurso será inapelable.

9. COMUNICACIÓN DOS TIKTOKERS GAÑADORES

A decisión do xurado farase pública antes do 15 de febreiro do 2024 nas redes sociais da anpa.

Instagram: @anpaiesocouto

Facebook: Iesocoutoanpa

10. PATROCINADOR



Rúa Salvador Dalí N°10